

ORDENANZA Nº 6

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE SUMIDOIROS

ARTIGO 1º.- FUNDAMENTO E REXIME

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 20 e 57 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, este Concello establece a taxa de sumidoiros, que se regulará pola presente ordenanza, redactada conforme ó disposto nos artigos 20 a 27 do TRLRFL.

ARTIGO 2º.- FEITO IMPOÑIBLE

1.- Constitúe o feito imponible desta taxa :

- a) A actividade municipal, técnica e administrativa, tendente a verificar se se dan as condicións necesarias para autorizar a conexión á rede municipal de sumidoiros.
- b) A realización das obras necesarias para a conexión á rede de saneamento.
- c) A evacuación de excrementos, augas pluviais, negras e residuais mediante a utilización da rede municipal de sumidoiros.

2.- Non estarán suxeitas á taxa as fincas derruídas, declaradas ruinosas ou que teñan a condición de solar ou terreo, sempre que non se faga uso do sumidoiro.

ARTIGO 3º.- SUXEITO PASIVO

1.- Son suxeitos pasivos desta taxa, na condición de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as comunidades de bens, herdanzas xacentes e demais entidades ás que se refire ó art. 35.4 da Lei xeral tributaria que sexan:

- a) Cando se trate da concesión de licencia de acometida á rede, o propietario, usufrutuário, ou titular do dominio útil da finca.
- b) No caso da prestación dos servizos do número 1.c. anterior, os ocupantes ou usuarios das fincas do termo municipal beneficiarios de ditos servizos, calquera que sexa o título: propietarios, usufrutuários, arrendatarios, ou mesmo precarios.

2.- Terá a consideración de substituto do contribuínte o propietario das vivendas ou locais, os que poderán repercutir, no seu caso, ós ocupantes ou usuarios, as cotas abonadas por razón da taxa.

ARTIGO 4º.- RESPONSABILIDADE SOLIDARIA E SUBSIDIARIA

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas ás que se refire o art. 42 da Lei xeral tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 5º.- COTA TRIBUTARIA

A cota tributaria desta taxa será a que figure no Anexo desta ordenanza.

ARTIGO 6º.- EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

De conformidade co disposto no artigo 9.1 do TRLRFL, non se recoñecen outros beneficios fiscais que os expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos tratados internacionais.

ARTIGO 7º.- CRITERIOS XENÉRICOS DE CAPACIDADE ECÓNOMICA

Ás cotas tributarias indicadas nas Tarifas I e III do Anexo da presente ordenanza, aplicaráselles unha redución do 10%, no caso de que os contribuíntes sexan persoas físicas que teñan escaseza de recursos económicos ou persoas xurídicas sen ánimo de lucro ou con fins sociais ou benéficos, sempre que así o acredite un informe dos servizos sociais do Concello e previa solicitude individualizada en cada caso.

ARTIGO 8º.- DEVENGO

1.- Devéngase a taxa e nace a obrigación de contribuír cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible, entendéndose iniciada a mesma:

- a) Na data de presentación da oportuna solicitude de licencia da acometida, se o suxeito pasivo a formulase expresamente.
No caso de ser necesaria a realización de obra de conexión á rede de saneamento, a taxa devéngase no momento no que se acorda polo órgano competente a execución da acometida correspondente á solicitude de licencia formulada polo suxeito pasivo.
- b) Dende que teña lugar a efectiva acometida á rede de sumidoiro municipal. O devengo por esta modalidade da taxa producirase con independencia de que se tivera ou non a licencia de acometida e sen prexuízo de iniciación do expediente administrativo que poida instruírse para a súa autorización.

2.- Os servizos de evacuación de excretas, augas pluviais, negras, e residuais, teñen carácter obrigatorio para tódalas fincas do municipio que teñan fachada a rúas, prazas ou vías públicas en que exista sumidoiro, sempre que a distancia

entre a rede e a finca non exceda de cincuenta metros, e devengarase a taxa aínda cando os interesados non procedan a efectúa-la acometida á rede.

ARTIGO 9.- LIQUIDACIÓN

1.- Cando se presente a solicitude de licenza de acometida liquidarase e esixírase a taxa correspondente en calidade de depósito previo. A liquidación comprenderá a taxa de engancho (Tarifa I) e a correspondente á prestación do servizo de saneamento (Tarifa III), prorrateada por meses.

A taxa pola realización da conexión á rede de abastecemento (Tarifa II) liquidarase unha vez sexa aprobada polo órgano competente, tras verificar o número de MI. necesarios para levar a cabo a conexión e o importe correspondente.

2.- Se se realiza a acometida sen mediar solicitude, procederase a liquidar e notificar, esixíndose o ingreso nos prazos previstos no artigo 62.2 da Lei Xeral Tributaria, sen prexuízo da apertura do correspondente expediente sancionador por infracción tributaria.

3.- Unha vez autorizada a acometida, a xestión, e recadación desta taxa acomodarse ó procedemento previsto para os valores recibo (Padrón, censo, matrícula.....).

ARTIGO 10.- INGRESO

1.- As cota recollidas nas Tarifas I e III desta taxa liquidaranse e esixiranse no momento de presentarse a solicitude, en calidade de depósito previo.

2.- A cota correspondente á Tarifa II esixírase, unha vez sexa aprobada a liquidación polo órgano competente e se notifique ó suxeito pasivo. Non se levará a cabo ningunha obra de conexión á rede de saneamento sen que previamente se proceda a ingresar o importe correspondente.

3.- Cando se realice a acometida sen mediar solicitude esixírase nos prazos previstos no artigo 62.2 da Lei Xeral Tributaria.

4.- Cando a taxa se exaccione por Padrón esixírase no período sinalado na tarifa ou, no seu caso, no que acorde o Alcalde ou Xunta de Goberno, e o ingreso farase efectivo no prazo previsto no artigo 62.2 da Lei Xeral Tributaria.

5.- Os ingresos efectuaranse na Tesourería Municipal ou no lugar que determine o Alcalde-Presidente.

ARTIGO 11.- INFRACCIONS E SANCIONS

No tocante a calificación das infraccións tributarias e as súas correspondentes sancións, estarase ó disposto nos artigos 183 e seguintes da Lei xeral tributaria e demais normativa aplicable que a desenrola.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

PRIMEIRA.- Declaración de alta.- Os suxeitos pasivos substitutos de contribuínte, formularán as declaracións de alta nos censos ou padróns da Taxa, e surtirá efectos tributarios no mesmo momento de presentarse a declaración, podendo prorratearse, no seu caso, por meses.

SEGUNDA.- Declaración de baixa.- Os suxeitos pasivos substitutos do contribuínte, formularán as declaracións de baixa no censo ou Padrón da Taxa, e surtirán efectos no período natural seguinte ó de presentación da mesma, podendo, no seu caso, prorratearse por meses.

DISPOSICIÓN FINAL.-

A presente Ordenanza foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 29 de abril de 2006 e entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA.- A presente Ordenanza fiscal derroga á actual Ordenanza reguladora da taxa sumidoiros.

ANEXO.-

TARIFA I.- CONEXIÓN Á REDE

Conexión á rede de sumidoiros, saneamento e depuración.....220,65 €

TARIFA II.- EXECUCIÓN DE OBRAS DE ENGANCHE E PROLONGACIÓN DA REDE EXISTENTE

A) Acometida realizada en terreo público no momento da instalación do colector principal:

- Acometida de saneamento ata un máximo de 6 metros, incluído apertura e pechado de gabia, instalación de colector, conexión a pozo de rexistro, e reposición de pavimentos.....408,85 €
- Se a acometida supera o máximo de 6 metros, cada ml. Facturarase a.....41,96 €

B) Acometida realizada en terreo público unha vez rematada a execución do colector principal:

- Acometida de saneamento ata un máximo de 6 metros, incluído apertura e pechado de gabia, instalación de colector, conexión a pozo de rexistro, e reposición de pavimentos.....566,46 €
- Se a acometida supera o máximo de 6 metros, cada ml. facturarse a.....52,45 €

TARIFA III.- PRESTACIÓN DO SERVICIO DE REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DAS AUGAS RESIDUAIS

Anuais, por cada:

Vivenda destinada a domicilio familiar e aloxamento que non exceda de dez prazas.....12,60 €
Hoteis, moteis, casas de hóspedes.....47,28 €
Todo tipo de establecementos como bares, restaurantes, pequenas

industrias, talleres, etc.....	25,21 €
Industrias con vertidos.....	126,08 €
Centros oficiais, oficinas, etc.....	18,91 €

Segundo.- Esta ordenanza entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.